PREMIO NACIONAL DE TEATRO 2014



# N.E.V.E.R.M.O.R.E.

## A caixa negra do Prestige

*"Tell me what thy lordly name is on the Night's Plutonian shore!*
*Quoth the Raven "Nevermore."*

*"Dime cal é o arrogante nome que tes no escuro inframundo!*
*E o Corvo dixo: "Nuncamáis."*

**Edgar Allan Poe, *The Raven (O Corvo)***

Empezamos a idear este traballo en marzo de 2020. Cando a chegada dun virus demostrou que todo pode mudar. Que o mundo pode parar. Aí decatámonos do rápido que o esquecéramos. Un ano despois comprobamos o enorme esforzo que se está facendo para que todo volva ser coma antes. E o fácil que é deixarse convencer outra vez. Así que decidimos contar unha historia para non esquecer tan facilmente que as cousas poden ser doutro xeito. Chamámola N.E.V.E.R.M.O.R.E.

N.E.V.E.R.M.O.R.E. é a resposta indescifrable que o corvo do poema de Poe dá unha e outra vez ás preguntas dun home que perdeu o que máis quería. N.E.V.E.R.M.O.R.E. podería ser un S.O.S. emitido á desesperada no código internacional de sinais marítimos. Ou o acrónimo dunha gran corporación que sabe que hai sitios con xente que se poden sacrificar para que todo siga funcionando como ata agora.

Para nós N.E.V.E.R.M.O.R.E. é unha forma de acudir á memoria colectiva dun deses pobos que se poden borrar do mapa sen que pase nada. Un pobo que, así e todo, en decembro de 2002 fixo seu o berro do corvo e non se deixou convencer polas mentiras daqueles que aseguraban que todo volvería ser coma antes. Contar esta historia é tamén un conxuro para desfacer o feitizo que sigue rodeando a catástrofe do Prestige, convertida nunha metáfora estrañamente perfecta desa cultura do petróleo que nos impide ver que hai máis alá da catástrofe, coma se non puidésemos habitar outro lugar que non sexa ese.

## FICHA ARTÍSTICA

**IDEA E CREACIÓN** ▸ Chévere

**DRAMATURXIA E DIRECCIÓN** ▸ Xron

**REPARTO** ▾
Tone Martínez / Miguel de Lira / Patricia de Lorenzo / Borja Fernández / Mónica García / Arantza Villar

**AXUDANTE DIRECCIÓN** ▾
Nekane Fernández

**ESPAZO ESCÉNICO** ▸ Carlos Alonso

**ESPAZO SONORO** ▾
Xacobe Martínez Antelo

**VESTIARIO** ▸ Uxía P. Vaello

**ILUMINACIÓN** ▸ Fidel Vázquez

**SON** ▸ Xurxo Pinheiro

**ARTE, MONTAXE** ▾
Quique Martínez

**CORVO** ▸ Pepe Penabade

**AUXILIARES ESCENOGRAFÍA** ▾
Anabel López / Brais Lestón / Tristán Ron

**COMUNICACIÓN** ▸ Xana García

**DOCUMENTACIÓN** ▾
Xron / arquivo vivo da A.C. Unha Gran Burla Negra

**PRODUCIÓN** ▸ Inés Portela

**PRODUCCIÓN EXECUTIVA** ▾
Patricia de Lorenzo / Xron

**DISTRIBUCIÓN** ▾
Crémilo-Carlos M. Carbonell

**COPRODUCIÓN** ▾
Centro Dramático Nacional e Chévere co apoio de Agadic

**COLABORA** ▾
Auditorio de Galicia / Concello Santiago de Compostela

## AGRADECEMENTOS


**A.C. Unha Gran Burla Negra, María Bella, Manuel Rivas, Jorge Linheira, Viki Rivadulla, Muxía, Rosa Aneiros, Séchu Sende, Bocixa, Belen Brandido, Xosé Díaz, Xosé Iglesias, Nacho e Raul da Confraría de Muxía, Protección Civil de Muxía, Clotilde Vaello, Carmen Hortas, Soundtroop, Silvia Fernández Pampín**


*Tódalas melodías interpretadas na obra proceden do cancioneiro tradicional galego. Cancións: "E o corvo dixo Nevermore" adaptación de "Canto de andar o camiño de Bembibre" recollido por **Leilía** no seu disco "Leilía". "Alalá das Mariñas" recollida por **Faustino Santalices**, cantada por **Uxía Senlle** ao rematar a manifestación do 1 de decembro de 2002 na praza do Obradoiro. "Maneo de Cances da Vila" (Carballo), recollido á **Sra Carmen** por **Davide Salvado** xunto con **Raigañas de Cerqueda** e **Xiradela**. "Muiñeira de Silván", recollida e arranxada por **Xurxo Fernandes**, interpretada con paixón por **PAN.SEN.FRON***

## OUTRA INFO

DURACIÓN ▸ **1h 50'**

IDIOMA ▸ **galego, con diálogos en castelán e inglés** (subtitulados en galego)

IDADE RECOMENDADA ▸ **a partir de 12 anos**

## CONTACTO CHÉVERE


info@grupochevere.eu


VISITA AQUÍ A NOSA WEB

## SOBRE CHÉVERE

**Chévere é unha compañía de axitación teatral con máis de 30 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta de creación propia tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural. En 2014 Chévere recibíu o Premio Nacional de Teatro.**

Desde 1988 Chévere actuou en centos de vilas e cidades de toda Galicia, España, Portugal e outros países europeos, latinoamericanos e africanos. Fixo espectáculos de moi diferentes estilos e formatos e traballou en espazos pouco convencionais (rúa, barcos, aeroportos, carpas de circo, escaparates, ríos, peiraos, radios, bares, aulas). E mantivo aberto durante 20 anos un espazo cultural independente en Santiago de Compostela, a **Sala Nasa**. Usando o humor como filosofía, a risa como expresión e o pensamento crítico como ferramenta, as súas obras confrontan no escenario os debates do presente coa memoria dun pasado recente que nos afecta, documentándoo escénicamente cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos diversos. Exemplos deste modus operandi son traballos como **Curva España** (2019), **Eroski Paraíso** (2016), **As Fillas Bravas** (2015), **Ultranoite no País dos Ananos** (2014), **Eurozone** (2013), a triloxía **Citizen** (2010-2011) ou **Testosterona** (2009).

**Chévere es una compañía de agitación teatral con más de 30 años de trabajo a sus espaldas, que ha sabido mantener con naturalidad una propuesta de creación propia tan irreverente como genuina y un sólido compromiso social, político y cultural. En 2014 Chévere recibió el Premio Nacional de Teatro.**

Desde 1988 Chévere ha actuado en cientos de pueblos y ciudades de toda Galicia, España, Portugal y otros países europeos, latinoamericanos y africanos. Ha hecho espectáculos de muy diferentes estilos y formatos y ha trabajado en espacios poco convencionales (calle, barcos, aeropuertos, carpas de circo, escaparates, ríos, puertos, radios, bares, aulas). Y mantuvo abierto durante 20 años un espacio cultural independiente en Santiago de Compostela, la **Sala Nasa**. Usando el humor como filosofía, la risa como expresión y el pensamiento crítico como herramienta, sus obras confrontan en el escenario los debates del presente con la memoria de un pasado reciente que nos afecta, documentándolo escénicamente con un lenguaje contemporáneo accesible a públicos muy diversos. Ejemplos de este modus operandi han sido trabajos como **Curva España** (2019), **Eroski Paraíso** (2016), **As Fillas Bravas** (2015), **Ultranoite no País dos Ananos** (2014), **Eurozone** (2013), la triolgía **Citizen** (2010-2011) o **Testosterona** (2009).


GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE · INAEM INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA · CDN Centro Dramático Nacional

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA